



# De refuxiados a veciños: o modelo padronés

2025, “ANO CASTELAO”  
fundacioncastelao.gal



## O trasno

Daniel López Muñoz

## O timo da estampita

Aí atrás os auto-denominados “abogados cristianos” deron por librar outra das súas “batallas decisivas” para o futuro da civilización. Disque foi a conto dunha estampa na TVE, no ano vello. E a cousa foi por momentos collendo a traza daquelas caricaturas de Mahoma: pasarían sen pena nin gloria, pero do que se trata é do contrario, de colidir, frontalmente, brutalmente, “virilmente”. Os fundamentalismos, como dicía Pepe Chao, nacen dunha “fundamental”, impermeable ao humor e a retranca, menos aínda á sátira: “firme el ademán”, permanentemente tensos e anoxados, e coa americana con dúas tallas menos a rebentar...

Pero, ollo, xa non son un accidente, unha anécdota celtibérica e casposa de nostáxicos ao estilo Blas Piñar. Veñen curvas. Isto cada vez máis ten a traza da Alemaña de entreguerras, pero a nivel mundial. Esa hiperactividade ultra hai que enmarca na internacional de ultradereita, a do dúo Musk-Trump, do dueto Meloni-Salvini, o pinga a pinga de tik-tok, o dálle dálle de Vox marcando o paso -da oca- a un Feijoo desencadeado, sen buceira, a tumba aberta.

Na modalidade hispánica – non así na francesa ou alemá- seguen querendo facer pé na “marca católica”. E pode que desta volta estean apuntando mal. Terían que asesorarse. Hai un antes e un despois na memoria das comunidades que forman este Estado composto: aquela imaxe dun crego anónimo bendicindo os fusilamentos que sucederon ao golpe de estado franquista, como o de Alexandre Bóveda. Esa sospeita de que cando alguén denuncia algo no nome do catolicismo ou do cristianismo e tira de bandeira, rosario e cruces, en realidade está utilizando esa artillexía con outras finalidades. E a historia pode rematar en foxas comúns. Por iso é importante a memoria e por iso non lles gusta.

É moi revelador comparar as causas e litixios iniciados por estes santísimos confrades ultracatólicos cos presentados, por exemplo, por Amnistía Internacional e outras entidades de dereitos humanos. Aqueles - que se apropian dese título tan respectable, “cristianos”, sen o máis mínimo rubor marcan paquete, poñen na axenda pública e “entreteñen” aos señores xiúces con asuntos “ultra” decisivos

para a humanidade: as estampitas presuntamente ofensivas.

Non os veredes, madría leva, a carón dos menores inmigrantes amareados e sen perspectivas; están cómodos co masacre de nenos e nenas en Gaza; non moven un dedo por unha política fiscal xusta e progresiva que asegure unha sanidade para quen non ten recursos. Teñen moi claro quen son os leprosos, as apestadas e os samaritanos dos nosos días. Xa o dicía non me lembro quen: “coidádevos dos fariseos”.



## Redes embeleñadas, redes envenenadas

Que facer? Marchar de Twitter (a rede dos «chíos», agora chamada «X») ou quedar nesa rede dando a batalla contra a mentira? Ou simplemente declararse “obxectores dixitais” e “pasar das redes”.

Como é ben sabido, o home máis rico do mundo, propietario da rede «X», - e tamén de Tesla, Space X, ...-, asóciase co vencedor Trump. Crean un consorcio imbatible de poder político, informativo, económico, tecnolóxico e militar. Todo con trazos machistas, racistas, supremacistas. Se fose unha película distópica, parecería unha esaxeración. Pero está pasando e o propietario das outras redes sociais maioritarias (Facebook e Instagram) apúntase ao servilismo co novo poder global e suprime as operacións de verificación de datos e mensaxes nesas redes sociais.

O medio é a mensaxe, o medio recrea e condiciona a mensaxe, e no caso das redes sociais dirixe o estado de opinión por medio dos chamados algoritmos, que son fórmulas ocultas que ordenan e xerarquizan as mensaxes: dan visibilidade (poñen en sitio prioritario) os discursos de odio, os ataques procaces sen fundamento, favorecen os comentarios máis ofensivos e indecentes, os que atacan e socavan os consensos morais que, mal que ben, conseguíramos acadar na historia de humanidade, tales como respecto aos dereitos humanos, ás minorías, aos ideais nobres, á igualdade e á fraternidade entre persoas e culturas diversas. Ou simplemente a “boa educación”.

E ábrese o debate. Hai quen di que cómpre abandonar ese foro trucado cun algoritmo trampulleiro. O argumento é potente: «Se o algoritmo mostra nazis, fálate coma un nazi e invítate a razoar coma un nazi, é un nazi». Pero tamén hai potentes argumentos en contra de tirar a toalla: «se un nazi chega berrando a un cuarto e a xente decente marcha fóra, gaña o nazi»<sup>1</sup>

O papa Francisco inaugurou 2025 advertindo do perigo da desinformación que se propaga nas redes sociais e do risco da intelixencia artificial (IA) cando esta se utiliza para «manipular consciencias». «Enfrontámonos a sociedades cada vez máis polarizadas», constatou Francisco, algo «agravado pola creación e difusión continua de noticias falsas, que no só distorsionan a realidade dos feitos, senón que terminan por distorsionar as consciencias, suscitando falsas percepcións da realidade.....[... ] No noso tempo, cando a negación de verdades evidentes parece tomar a dianteira.....é fundamental», segundo o Papa, «educar e sensibilizar a xente nova no pensamento crítico».

“Porque no mundo minguou a verdade” cantaba o trovador medieval Arias Nunes, tal como popularizou o cantautor Xosé Quintas Canella naquel portentoso rexurdimento da cantiga galega que se deu en paralelo á Transición política no pasado século. “Porque no mundo minguou a verdade, un día empeñeime en ila buscar, e onde por ela fun preguntar todos dixeron: «Buscádea noutro lugar”.

A cousa, logo, vén de lonxe.

Enfrontámonos a sociedades máis polarizadas, algo agravado pola creación e difusión de noticias falsas

1 - Pola súa contundencia e claridade tomamos prestados estes argumentos do debate de <https://ctxt.es/es/20240901/Firmas/47377/Gerardo-Tece-debate-abandonar-Twitter-pocilga-Elon-Musk.htm>

# Amiguiños si...

Carlos Vázquez González

## CARMIÑA E McLUHAN

A miña sogra Carmiña, nada a principios do século XX nunha coñecida familia de Betanzos, transmitiulle aos seus fillos, en Lugo, un dito ou sentenza do seu acervo familiar, que se utilizaba para dar fe ou afirmar a veracidade dalgunha nova ou relato. A expresión talismán era: “Periódico de La Coruña!”. Decía, por exemplo: “Sabes? Detiveron a Foucellas. Periódico de La Coruña!”.

A exclamación “Periódico de La Coruña!” (sic) era un rotundo criterio de autoridade e de verdade que descansaba no feito de que o afirmado procedía dun dos xornais da capital, e iso ía a misa. É dicir, o xornal da Coruña gozaba de presunción de veracidade.

Como se pode apreciar, en Betanzos, polo menos na familia de Carmiña, terían chegado á célebre e celebrada conclusión de que “o medio é a mensaxe” moito antes de que o fixese o erudito profesor canadense McLuhan. O que vén demostrar que Betanzos dos Cabaleiros se descubriu como parte da “aldea global” antes ca ninguén.

Este descubrimento, de Carmiña e de McLuhan, explica ben a enorme forza dos medios de comunicación chamados convencionais. Por iso, polo menos de momento, aínda é algo máis crible unha nova ou relato publicado nun medio de comunicación convencional ca o que se transmite a través de internet. Entre outras cousas, porque o que di un xornal, unha emisora de radio ou un canal de televisión vén asinado e sábese quen o di, mentres que o que nos chega polas redes ninguén o asina nin o respalda. Só se transmite envolto nunha nube de insolvencia e impunidade. A proliferación de bulos e falsas novas é unha boa proba disto e fai ben a xente en defenderse desta agresión comunicativa e en tomar medidas de dis-



cernimento, que boa falta fan. O que está claro é que o que chega por internet cada vez goza menos da presunción de veracidade: a xente desconfía cada vez máis e aplícase a contrastar o que se lle conta.

Pero non nos enganemos, porque tamén os medios de comunicación convencionais están atravesando unha moi merecida crise de credibilidade. Non tanto porque publiquen falsas novas —que tamén o fan demasiadas veces—, senón porque, co tratamento da información, a escollo das novas, o xogo sucio de titulares equívocos ou insidiosos e infinidade de hábiles manipulacións, corrompen a información. Utilizando ausencias e presenzas, medias verdades e verdades a medias, informan, orientan e influen ao servizo de intereses determinados, de poderes que ordenan e mandan ou de poderosos que pagan ou subvencionan. Intereses non sempre rectos e confesables. E fano a propósito. Ademais, tratan de camuflar as súas servidumes baixo a aparencia de independencia ou baixo o paraugas da liberdade de prensa e doutros dereitos fundamentais, tan esgrimidos como vulnerados. É dicir, tamén nos enganan.

**o que chega por internet cada vez goza menos da presunción de veracidade**

Na parede ou muro dunha casa, creo lembrar, próxima á estación do tren, na Coruña, sobrevive unha pintada que di: “La Voz de Galicia miente”. Vaia! Precisamente un “periódico de La Coruña”. Se a maioría dos medios de comunicación acaban corrompéndose, teremos un problema democrático e de sanidade cívica moi grave, porque podreecerían as augas das nosas fontes de información, que tanto necesitamos.

Agora ben, a tese de Carmiña e McLuhan seguirá sendo válida, porque “o medio segue a ser a mensaxe”, só que, desgraciadamente, agora a mensaxe estaría adulterada e sería maligna e infecciosa. Como o medio.

Ai, se Carmiña e McLuhan levantasen a cabeza!

# ... Pero a vaquiña polo que vale

Pedro F. Pedrouzo Devesa

IRMA

## A difícil contratación

A contratación pública sempre será obxecto de debate. Recentemente, o Consello de Contas suxeriu que sería mellor concentrar contratos que agrupasen as mesmas prestacións para evitar o uso recorrente da contratación menor.

Asociada á licitación dunha obra, as administracións adoitan licitar tamén dous contratos de servizos relacionados coa súa execución: a dirección de obra e a coordinación da seguridade e saúde.

En moitas obras, a contratación destes dous servizos pode realizarse mediante contrato menor, sempre que se cumpran os requisitos de duración (doce meses) e importe (quinze mil euros).

O número destes contratos menores depende do número de obras que licitemos. Así que unha das alternativas que temos para garantir a transparencia desta contratación é concentrar nun único contrato todas as direccións de obra dun período determinado e, noutro contrato, agrupar os traballos de seguridade e saúde desas obras a uns prezos unitarios establecidos en función das visitas e informes que, por contrato, se deban realizar.

Incluso poderíamos licitalos aplicando exclusivamente fórmulas matemáticas que, en principio, son criterios máis obxectivos ca aqueles nos que empregamos xuízos de valor para determinar cal é a mellor oferta.

Pero sempre hai problemas.

Cales son os problemas? O primeiro é evitar precarizar un sector ao que obrigamos a poxar á baixa polos seus traballos. A poxa en contratos de servizos serve para reducir a calidade na execución, xa que o prezo non pode ser o criterio predominante nas prestacións de servizos. O barato é o que

desata o farrapo (do peto). Estamos obrigados a incluír criterios cualitativos porque as obras que, por baratas, se fan mal e mal supervisadas, acaban, co tempo, saíndo máis caras.

O segundo é que os criterios automáticos alternativos ao prezo poden ser difíciles de comprobar durante a execución. Podemos valorar que a empresa contratista asigne persoal con máis experiencia, pero se durante a execución non se comproba que, efectivamente, son eles quen realizan o traballo, o criterio non ten un impacto real na mellora do servizo. Ademais, poden enganarnos. Porén, tamén é importante valorar que as empresas asignen persoal en formación a cada contrato.

Concentrar contratos é unha medida cuestionable incluso pola lei, xa que expulsa moitos autónomos e pequenas empresas de contratos pequenos que poderían realizar perfectamente, pero que se fan inviables para eles se os concentramos. Cal é a solución que esixe a lei? A división en lotes dos contratos grandes, lotes que poidan ser realizados de forma separada. No caso citado ao comezo, cada lote sería un contrato da dirección de cada unha das obras. Todo o mundo pode presentarse á licitación, e ninguén queda excluído dela.

Pero sempre hai problemas.

Neste caso, a tramitación de moitos destes contratos pode levarnos facilmente entre cinco e seis meses. E os prazos apuran: a execución de fondos europeos apura, e o exercicio orzamentario apura. Todo o que se poida facer antes será benvido, incluso pola prensa.

Segue sendo un reto difícil de consensuar cal é a forma ideal de chegar á selección óptima dun contratista que combine criterios obxectivos, transparentes, abertos e eficientes. Sempre nos movemos con dificultade, porque, como nos lembran desde o primeiro día, o óptimo é inimigo do bo.

**Segue sendo un reto difícil de consensuar cal é a forma ideal de chegar á selección óptima dun contratista que aúne criterios obxectivos, transparentes, abertos e eficientes**



# O peto do Santo Antón

Manuel Regal Ledo



## En memoria de Isabel Requeijo Román

Querido Santo Antón:

Cando esta cartiña chegue ás túas mans, xa serás coñecedor da persoa da que che vou falar, porque hai poucos días que pasou do aquí para o alén, deste espazo de Deus para esoutro espazo de Deus, despois dunha vida longa, de 94 anos. Chámase Isabel Requeijo Román; identifícala xa, non?

Pois cóntoche. Isabel é da parroquia de Cabaneiro, en Abadín, filla de Francisco e Matilde, a maior de cinco irmáns. Con dous anos de vida sufriu unha grave enfermidade que a incapacitou para se incorporar e para andar. Non habendo daquela recursos públicos, a familia tivo que se amañar para os coidados máis básicos e imprescindibles. Así foi durante anos e anos.

Pero Isabel non se encolleu, non se fixo vítima; afrontou as severas limitacións que tiña con ánimo, con esperanza, con optimismo. Foi unha desas moitas mulleres “empoderadas”, como hoxe dicimos, que sacou tantas misteriosas forzas do fondo de si que todos e todas quedabamos abraiados. Cos anos foi madurando e facéndose capaz de ter unha influencia moi positiva dentro da familia. E non só dentro da familia, senón tamén na parroquia, tanto no ámbito da comunidade cristiá como no civil, participando en actividades diversas que na parroquia se proxectaban. Sempre estaba aí, acompañando e mesmo tirando do carro, liderando actividades.

Porén, certamente as cousas nunca saen da nada. Isabel non foi unha persoa allea ás dinámi-



### A fe era nela un sustento imprescindible

cas normais que favorecen ou dificultan as capacidades propias. Por unha banda, sempre tivo ao seu redor persoas amorosas: familiares, veciños e veciñas, amigos e amigas, que a tiveron en conta, que a acompañaron e que a apoiaron cunha amizade e unha solidariedade entrañables. Ademais diso, a xeneralización dunha sanidade pública e de recursos como a Lei da Dependencia axudou moito a envolver a súa vida en dignidade. E, no fondo e no medio de todo iso, sempre houbo unha fe relixiosa popular, humilde e confiada, que ela coidaba e practicaba. Non faltaba ás misas ou celebracións dos domingos; mesmo nalgúns momentos foi ela mesma quen animou esas celebracións. A fe era nela un sustento imprescindible que a levou a crer en si mesma como filla querida de Deus e a crer no Deus que a sostiña amorosamente na súa existencia difícil e complexa.

E así ata a morte. Isabel foi un orgullo para nós. Seguro que tamén o será para todas as persoas que estades en Deus. Apertas. E xa me dirás.


### O CARRABOXO por KOBE LOIS

DKV QUERE ACOLLER AOS FUNCIONARIOS DE MUFAGE? SI, HO! E VAN CABER TODOS NUNHA FURGONETA!



16-1-25

MMM...MMÁ!... O PICO DA GRIPE!



10-1-25

# O peto común

Josecho de la Torre Culler

## Un fogar sostible

Vivir nun fogar totalmente sostible non é unha tarefa doada, aínda máis cando recibimos un perenne “bombardeo” daquilo que, precisamente, non cumpre co medio ambiente. Tampouco axudan os ritmos actuais, que nos conducen polo camiño máis rápido, que en moitas ocasións non é o camiño máis práctico. Nesa prása, deixamos de lado pequenos xestos que, unidos a outros, aproximaríanse a un fogar sostible que, no fondo, é unha vida sostible e respectuosa para nós, para os que nos rodean e para os que veñen detrás.

Non chegaría a revista enteira para detallar a multitude de accións que podemos levar a cabo dentro do consumo de auga, da enerxía que empregamos, do que comemos ou mercamos... Pero si hai varias premisas en forma de acción que recollen moitas das outras. A primeira, a modo de economía circular, sería que todo o que teñamos poida volver empregarse ou reciclarse. Que non entre na casa nada que non sexa necesario nin sostible. Tampouco adquirir alimentos que xa sabemos de antemán que non son bos para a saúde nin para o planeta. Por último, e non menos importante, se nos mudamos a unha nova casa, e se é posible, que teña luz natural, xa que é gratis e evita o consumo doutras enerxías non renovables. “Pequenas cousiñas”, que diría Daniel Espiño.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Se Galicia tivese un calendario propio que non fose o calendario que usamos, estou convencido de que marcaríamos o tempo entre papatoria e papatoria. Deste xeito, estaríamos no tempo entre o roscón de Reis e o cocido de Entroido.

Se ben isto pode ser unha desgraza para aqueles que gustamos do bo comer, no fondo é unha agradable maneira de entender a vida. Porque en Galicia, o feito de que na mesa compartimos e que é un lugar de comunión xa o temos interiorizado. Durante estas vacacións de Nadal fun consciente da importancia deste feito. Xuntámonos na mesa e compartimos o tempo coa familia. Buscamos que os alimentos sexan o máis satisfactorios posibles e, sobre todo, buscamos aquelas receitas que supoñen unha tradición familiar. Pero, no medio das miñas reflexións, decateime de algo importante: quen exerceu de transmisora da tradición culinaria nas nosas festas? Quen exerce o sacerdocio e o sacrificio de manter a familia unida e preservar a tradición?

Xa que logo, en Galicia, levamos séculos sabendo que as mulleres exercen o sacerdocio nas nosas familias. Agora, a ver se nos decatamos de que tamén na nosa familia eclesiástica deberían levar séculos exercéndoos. Amén.



EMIA



Ilustración: Manuel Riveira Rendó

Beatriz Cedrón

A asociación **ADEGA** publicou o “Informe Altri: celulosa do século XX para o século XXI”, de Ramón Varela, ecoloxista e biólogo, no que se recolle información sobre o proxecto que tanto a empresa como as administracións ocultan. Entre esa información, apórtanse datos sobre as 20 substancias contaminantes que a factoría emitirá e non se declaran, sobre as emisións difusas, as infraccións normativas e os custos sociais, económicos e medioambientais da que sería a celulosa máis contaminante do Estado.

Imaxe: lugoxa.com



## **ESF** (Enxeñería Sen Fronteiras)

Galicia é unha asociación fundada en 1993 que procura a construción dunha sociedade mundial xusta e solidaria, poñendo o desenvolvemento tecnolóxico ao servizo das persoas. Traballa ao redor dos conceptos de inclusividade e cidadanía global cun enfoque emancipador, de construción colectiva e do ben común. Organiza diversas actividades, entre elas os “ciberfaladoiros”, espazos nos que se poden encontrar en liña para abordar temas de interese (información en [galicia.isf.es](http://galicia.isf.es)).

Imaxe:galicia.isf.es



Diferentes profesionais do sistema sanitario galego agrúpanse na Plataforma **SOS Sanidade Pública**, desde a que loitan pola defensa do sistema sanitario público. Esta entidade sen ánimo de lucro denuncia a redución do investimento público e o paralelo incremento dos fondos destinados á sanidade privada. A Plataforma presentou no Parlamento unha ILP —que foi rexeitada— en 2023, mais non cesa no seu compromiso coa sanidade pública, organizando concentracións e manifestacións ao longo do país.

Imaxe: enfoques.gal



As Cartas desde a cadea que **Rosa Luxemburg** escribiu entre 1916 e 1918, mentres sufría condena polas súas actividades revolucionarias, foron traducidas ao galego por Almudena Otero Villena (Ed. Laiovento). A activista deitou nestes textos a súa faciana máis persoal, desvelando, a través de reflexións que van desde a política á botánica, o seu profundo amor pola vida, o potencial revolucionario das relacións afectivas e o desexo da escritora de relacionarnos doutro xeito coa propia natureza.

Imaxe: laiovento.gal




O colectivo **Dereito a Morrer Dignamente de Galicia** lembrou na Praza do Obradoiro a Laura Fernández Abalde, falecida o pasado mes de novembro. Laura, activista viguesa, amante das camiñadas e integrante durante anos da plataforma, decidiu, diante da enfermidade terminal que padecía, ter unha morte digna. Deixou constancia, antes de marchar, da importancia de seguir loitando nos tempos vindeiros polos dereitos conseguidos.

Imaxe: derechoamorir.org

Un novo percorrido por Galicia, desta volta a través da banda deseñada, é o que nos ofrece Pablo Carreiro no seu traballo **Xirarei!** (Ed. Cuarto de Inverno). Dun xeito tenro e pillabán, Pablo visita personaxes, momentos e lugares esenciais de Galicia e do seu Vigo natal, e rende homenaxe a Don Benito, o comprometido párroco da igrexa “dos picos” (a Inmaculada Concepción), quen foi un referente no barrio do Calvario pola súa loita durante o franquismo.

Imaxe: cuartodeinverno.com



Cumpríronse xa 75 anos do pasamento de **Castelao**. A súa obra, declarada Ben de Interese Cultural, é un dos alicerces da cultura galega. Para celebrar a súa figura e o seu legado artístico, político e social, o ano 2025 foi declarado o Ano Castelao, contando co apoio de distintas entidades, como a Xunta, o Parlamento, o Consello da Cultura Galega, e as deputacións e universidades galegas. Ao longo de 2025, organizaranse diversas actividades que se poden consultar na web [castelao2025.gal](http://castelao2025.gal).  
Imaxe: [castelao2025.gal](http://castelao2025.gal)

Hai unha **“poesía de santuario”** que temos moito máis ao alcance grazas a un proxecto no que colaboran a USC e unha universidade estadounidense. Trátase dun mapa interactivo que se pode consultar en [cantigasderomaria.org](http://cantigasderomaria.org), que pon ao noso dispor 69 cantigas de romaría ou de santuario, recollendo o maior corpus de poesía en voz feminina da Idade Media europea. Esta páxina ofrece información, entre outros, sobre os textos, autorías, mapas e fotografías dos lugares que se mencionan.  
Imaxe: [cantigasderomaria.org](http://cantigasderomaria.org)



## “O medo ao migrante é un discurso perigoso e sen fundamento”



*O alcalde de Padrón, Anxo Rei Arca, explica nesta entrevista como o seu concello se converteu nun exemplo de solidariedade e inclusión ao acoller 65 persoas migrantes procedentes de África. Nun contexto marcado polos prexuizos e o discurso de odio, Padrón demostra que a empatía e a cooperación poden ser ferramentas poderosas para transformar vidas e fortalecer a comunidade.*

**Padrón foi un dos tres concellos galegos elixidos polo Goberno central para acoller migrantes. Concretamente 65 persoas procedentes de países como Malí, Senegal, Mauritania e Marrocos. Que factores motivaron esta decisión?**

Temos un concello cunhas características óptimas para a empregabilidade e a inserción social, ben comunicado dentro do eixo Atlántico grazas ao ferrocarril e a AP-9, N-550 e a autovía do Barbanza. A industria padronesa é forte, moi produtiva e en continua expansión, polo que demanda grande cantidade de empregados. Grazas ao noso tirón industrial, Padrón ten boas cifras de emprego.

Padrón tamén é un pobo hospitalario e acoledor, onde estamos afeitos a recibir persoas de todas as procedencias, tanto polo mercado dominical como polo Camiño de Santiago, que nos achegan grandes oportunidades de intercambio cultural.

**Cal é a situación xeral destas persoas que deixaron o seu país poñendo en risco a súa vida?**

Sáíron dos seus países debido á necesidade de supervivencia, a maioría fuxindo da guerra en Malí. A súa vida

correu riscos notables, cruzando o deserto do Sahara e realizando a travesía do Atlántico cara as Illas Canarias. A valentía destas persoas non é un acto irracional, senón que ten como base unha desesperación profunda, buscando fuxir do terror e da brutal pobreza.

É un reflexo das enormes desigualdades globais, dos efectos devastadores da violencia, a pobreza e o cambio

## Os migrantes queren aprender galego

climático. A migración debe entenderse como un berro de auxilio, unha resposta ás circunstancias extremas que afrontan estas persoas.

Moitos destes migrantes foxen de conflitos armados, violencia xeneralizada, pobreza extrema ou inseguridade económica. O cambio climático tamén ten un impacto devastador, facendo imposible sobrevivir da terra.

**Hai exemplos concretos que poida compartir sobre como os migrantes están a integrarse na vida social e laboral de Padrón?**

## “Falar de efecto chamada é ignorar o que está a acontecer no mundo”



As persoas migrantes en Padrón traballan en diversos negocios e na industria. Todas están perfectamente asentadas e integradas, aprecian o noso pobo e país.

O Concello ten en marcha un programa chamado “Babel” para ensinar o idioma e afondar no coñecemento da nosa cultura, coa finalidade de que as persoas non só vivan en Padrón senón que se sintan padronesas. Este programa tamén serve como rede de apoio entre as persoas migrantes de diferentes nacionalidades.

A isto engádesse outro programa dirixido a mulleres en situación de vulnerabilidade, tanto migrantes como non migrantes, para dotalas de ferramentas que as empoderen.

**Galicia ten unha tradición emigrante moi arraigada. Cre que iso inflúe na actitude dos veciños cara aos migrantes? Como describiría a reacción da comunidade local ante a súa chegada?**

Na xuntanza informativa organizada polo Concello sobre o acollemento de persoas refuxiadas, moitos veciños aludiron ás súas experiencias familiares como migrantes. Foi gratificante ver que a veciñanza non aludiu aos

discursos maliciosos da extrema dereita sobre a criminalidade ou o roubo de traballos. A xente quería saber como podía axudar. Ver a cidadanía disposta a implicarse no proceso de integración é algo esperanzador.

**Que expectativas ten para o futuro destes 65 migrantes que están hoxe en Padrón? Agarda que se convertan en novos veciños permanentes e contribúan a un Padrón máis diverso?**

Nos días posteriores á nova, moitas empresas da zona chamaron ao concello para informarse dos trámites para

contratar aos migrantes. En Padrón hai gran demanda de traballadores, especialmente na industria. Dende o Concello fixemos unha reunión a tres bandas (Concello, ONG e empresa) para garantir que se lle ofrezan boas oportunidades de emprego e formación aos migrantes.

A día de hoxe, 4 dos 65 migrantes xa están traballando. A partir de maio, outros 61 poderán obter permiso de traballo. O Concello tamén colabora coas empresas para ofrecerlles formación e apoio en vivendas.

**Quen propaga ese medo ao inmigrante que polariza á sociedade?**

Certos sectores minoritarios intentan culpar ás persoas vulnerables das desigualdades sociais. Existe un transfondo de racismo que convence a unha minoría da poboación, pero fai moito ruído. O discurso de odio non

## As empresas padronesas lideran a integración



## “Acoller é un investimento humano que beneficia a toda a comunidade”, destaca o alcalde



responde á lóxica e debe combatéronse con información, colaboración e integración.

A poboación migrante integrada só suma nesta sociedade que padece as consecuencias do avellentamento e a falta de natalidade. O que se espera dunha sociedade avanzada é que saiba axudar a quen o necesita e normalizar a diversidade.

**O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, falou sobre o ‘efecto chamada’ que poden ter este tipo de accións. Como valora esta afirmación?**

Falar de efecto chamada é ignorar o que está a acontecer no mundo. O aumento dos conflitos e o cambio climático provocan que as persoas arriquen as súas vidas. Non se trata dun efecto chamada; é unha consecuencia da violencia e a pobreza crecente en moitas rexións.

**Pola súa parte, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García,**

**responsabilizou aos inmigrantes do retroceso do galego. Que opina vostede?**

A nosa experiencia en Padrón é totalmente diferente. O éxito do programa Babel demostra que as persoas migrantes tamén queren aprender galego e integrarse. Segundo a última enquisa do IGE, a maior perda de galegofalantes atópase na poboación máis nova. Cargar aos migrantes coa culpa é absurdo.

**Tamén hai quen afirma que as políticas de inmigración xeran tensións sociais ou que os migrantes “rouban” postos de traballo. Que lles diría a quen sosteñen estas posicións?**

Estas afirmacións contradíase. As persoas migrantes non “rouban” traballos, senón que chegan ao noso país nunha situación de vulnerabilidade extrema. Moitos non dominan o idioma e non coñecen ben a nosa sociedade. Deben comezar desde a base,

igual que fixeron os galegos en Suíza ou Francia.

**No caso de Galicia, cal cre que é o maior desafío para garantir unha integración plena das persoas migrantes? Están preparados os servizos municipais, como a sanidade ou a educación, para atender as novas demandas?**

A administración pública debe ter vontade de integrar. En Padrón, temos programas de inclusión e colaboración coas ONGs. Sen embargo, os servizos sociais, a sanidade e a educación están infrafinanciados. A Xunta debería dotar de máis orzamento estes eidos, pois son os piares do benestar.

**Finalmente, que mensaxe lle gustaría transmitir aos veciños de Padrón e á sociedade galega sobre a importancia de acoller e integrar ás persoas migrantes?**

Acoller e integrar ás persoas migrantes é un investimento humano que beneficia a toda a comunidade. A poboación envellece e hai menos na-

## A historia dunha Galicia emigrante impulsa o noso apoio

cementos, o que xera un gran desafío económico. Os migrantes, en idade laboral, axudan a contrarrestar o envellecemento e contribúen á cultura, á economía e á innovación. A clave está en crear políticas adecuadas e que a cidadanía axude a integrar a quen busca vivir con dignidade.

Entrevista completa na versión web de [www.irimia.gal](http://www.irimia.gal)

Fotos cedidas por concello de Padrón

Marisa Vidal Collazo, Mulleres Cristiás Galegas Exeria

## XII Espazo de Teoloxía Feminista. A salvación na que cremos as mulleres.

Un ano máis, e xa van doce, Mulleres Cristiás Galegas Exeria convoca un novo Espazo de Teoloxía Feminista. O 12 é un número de plenitude, de totalidade, así que para este ano eliximos un tema que se traballou nas Xornadas da Asociación de Teólogas Españolas, celebradas en febreiro de 2021, xusto despois da pandemia, e que se publicaron no libro *¿Eres tú o esperamos a otro? (Lc 7, 19)*, editado por EVD no ano 2021, baixo a supervisión das teólogas Belén Brezmes e Mónica Díaz.

No prólogo escriben as coordinadoras do volume:

“O encontro con Xesús é liberador e fundamente humanizante, pois pon, no centro da comunicación coa alteridade, a vivencia amorosa da diferenza. Pero, para as mulleres, nunha cultura androcéntrica, ser salvadas ten un significado de dependencia e aceptación, esa dependencia que xustifica as desigualdades e certa violencia normalizada en distintas dimensións da vida”.

Xesús móstrárenos moitas veces como un heroe salvador, enaltecendo o seu sacrificio individual, el só, na cruz. Pero nel podemos aprender unha masculinidade diferente, unha nova masculinidade lonxe dos modelos patriarcais. A súa humanidade salvífica é unha humanidade sempre en relación, sempre solidaria, compartindo a dor das persoas humilladas e abaixadas.

Así, traballaremos en grupo horizontal, segundo o noso estilo de roldas de palabra con tempo medido. É un xeito de garantir a palabra de todas, de falar e escoitar sen interrompernos as reflexións de cada unha. Cada día dedicáremolo a un capítulo do libro e así falaremos da salvación narrada polas mulleres bíblicas no texto de Carme Soto; a crise e o desexo como lugares teolóxicos, da man de Cristina Simonelli; repensaremos a salvación cristiá en verde e violeta con Lucía Ramón; a liberdade e a esperanza para un mundo en cambio co texto de Nurya Martínez-Gayol; e as premisas necesarias para a salvación plena das mulleres na Igrexa, da man de Olga Consuelo Vélez.

Como o ano pasado, vai haber dous grupos de mulleres que traballarán de xeito simultáneo, en Santiago e en Vigo. O de Santiago reunirse na Casa Xohana Torres, cedida polo Concello, e as de Vigo xuntaranse nos locais da Parroquia de Cristo da Vitoria, no barrio de Coia. Hai tamén en Lugo un grupo de mulleres dando os seus primeiros pasos, con ganas de empezar a xuntarse, de empezar a pensar a teoloxía desde unha mirada non androcéntrica.

Se vos pica a curiosidade e queredes ver como traballamos, escribide ao correo da Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria (mcgexeria@gmail.com) e con moito gusto vos convidaremos a vir e ver.



Traballaremos o libro  
*¿Eres tú o esperamos a otro?*  
(Lc 7, 19)

La salvación en la que  
cremos las mujeres  
de M<sup>ra</sup> Belén Brezmes e  
Mónica Díaz Álamo (Ed)



Organiza  
Mulleres Cristiás Galegas-Exeria  
Parroquia do Cristo da Vitoria



### XII Espazo de Teoloxía Feminista

Para construír pensamento teolóxico desde o lugar das mulleres

**Parroquia do Cristo da Vitoria**

Rúa Baiona 9b, Coia Vigo

Luns 27 xaneiro, 24 febreiro, 31 marzo, 28 abril e 26 maio

Dende as 18:45h

Anótate antes do 15 de xaneiro no What'sapp 658 370 409



**Xuntanza en Santiago  
na Casa Xohana Torres  
e en Vigo na Parroquia  
de Cristo da Vitoria, no  
barrio de Coia.**

# Irimia en Lila (Parte I)

Marisa Vidal

*Lucrecia Mott: “Non é o cristianismo, senón o sacerdocio o que someteu á muller”*



13 de julio de 1848: Lucretia Mott e Elizabeth Cady Stanton son invitadas a tomar o té na casa de Jane Hunt en Waterloo, para discutir os dereitos da mulleres

*Este texto, orixinalmente para unha revista en castelán, foi escrito por **Marisa Vidal Collazo, da Asociación de Mulleres Cristiás Galegas Exeria**. Un relato histórico e reivindicativo que narra o nacemento do movemento sufraxista nos Estados Unidos, a loita pola igualdade de dereitos e o papel pioneiro das mulleres na revisión crítica da Biblia desde unha perspectiva feminista. Esta é unha primeira parte, cuxa segunda parte continuará na Irimia de Marzo.*

O 12 de xuño de 1840 dúas mulleres falan indignadas no vestíbulo do Exeter Hall, en Londres. Celebrábase a convención mundial antiescravista, unha reunión que ás mulleres só se lles permitiu seguir detrás dunha cortina, sen voz nin voto. Os homes votaron non deixalas intervir por entender que teñen “unha constitución física que non era apta para as reunións públicas ou de negocios”. Son Elisabeth Cady Stanton, teño 25 anos, son neioirquina, filla dun home de leis protestante. Non recibín formación académica, pero formeime na biblioteca do meu pai. Hai pouco casei con Henry Stanton, un activo abolicionista. Con el vin a Londres, a esta convención mundial antiescravista na que acabo de coñecer a Lucretia Mott. É unha cuáquera valente, capaz de alzar a súa voz ante congresistas, terratenentes escravistas ou nesta sala. Está moi enfadada (...)

Acabada a reunión, nos corredores do Exeter Hall, Lucrecia recítame párrafos enteiros da Vindicación dos dereitos da muller de Mary Wollstonecraft (1792). Volvemos aos EE.UU falando de como iamos organizar ás mulleres para esixir os nosos dereitos... Pasa o tempo e trasládome coa miña familia (dei a luz a 7 fillos) a Seneca Falls. Desde alí, farta da vida doméstica, empezo a escribir cartas a diferentes mulleres inquietas animándoas a participar nun cambio social. (...)

**“As mulleres teñen unha constitución física non apta para as reunións públicas”**



*Movement polo sufraxio feminino. Bettmann/Getty Images*

En xullo de 1848 volvémonos ver na casa dunha amiga de Lucrecia, Jane C. Hunt. Á reunión tamén asiste Isabel McClintock e as catro empezamos a organizar a primeira reunión feminista dos Estados Unidos. Convocamos un grupo de traballo o 19 e 20 de xullo de 1948 na capela metodista da miña cidade, en Seneca Falls. A partir da Declaración de Independencia do noso país, proclamada o 4 de xullo de 1776, por comisións, redactamos a Declaración de Sentimentos e Resolucións de Seneca Falls, que asinamos as 100 persoas alí presentes, 68 delas mulleres. Na declaración pedimos non só o voto, tamén igualdade no matrimonio, igual salario, posibilidade de representarnos legalmente e o dereito a ser elixidas para un posto público. Estabamos facendo oficial o nacemento do movemento sufraxista!

A partir dese momento foi un non parar... Debates e máis debates nos que destacados teólogos argumentaban a nosa inferioridade acudindo á Biblia. Lucrecia Mott, de novo brillante, rebate os seus argumentos afirmando: “Non é o cristianismo, senón o sacerdocio o que someteu á muller como nos atopamos hoxe. A Igrexa e o Estado uníronse, e é bo darse conta”. Estala a Guerra Civil no meu país (1861-1865) e na posguerra os argumentos máis conservadores impóñense na sociedade americana. Coa miña amiga Susan B. Anthony, opuxémonos a apoiar a 14 e a 15 emenda á Constitución que pretendía dar o voto aos homes afroamericanos antes que ás mulleres. Isto provocou un cisma no movemento sufraxista.

## Farta da vida doméstica, animo ás mulleres a participar no cambio social.

# A outra portada

# Redes sociais: Utopía ou distopía?



“Se o líder di de tal evento: iso nunca aconteceu; pois daquela...non aconteceu. Se di que dúas e dúas son cinco, pois dúas e dúas son cinco. Esta perspectiva preocúpame máis que as bombas”

George Orwell (1984)

## OPINIÓN - Falarmos galego aos fillos

Os mecanismos polos que un pobo deixa de falar a súa lingua propia e renuncia a transmitírllela aos seus fillos están ben documentados e non son difíciles de comprender. Cando, por razóns políticas, un idioma — calquera idioma— se ve restrinxido ao ámbito oral e excluído do mundo da cultura, a asociación entre lingua e clase social leva a que pais e nais pretendan transmitir aquela que consideran que pon en mellores condicións de partida á súa prole. Sería coma se, nun réxime de escravitude, as familias negras tivesen a capacidade de decidir a cor ou os xenes dos seus fillos; seguramente escollerían que nacesen brancos, mesmo a costa de negárense a si mesmos e renunciaren á xusta reivindicación da igual dignidade do que son.

Isto aconteceu co galego nos Séculos Escuros e baixo o franquismo; mais, na actualidade, perpetuar esta conduta é cuestión de mera inercia. En Galicia, como demostran todos os estudos, os auténticos bilingües son os galegofalantes iniciais. Aqueles aos que se lles transmitiu o galego na familia son plenamente competentes en galego e castelán; á inversa, non acontece. Deste xeito, os galegofalantes iniciais acaban tendo unha vantaxe final; pero é que, ademais, o bilingüismo inicial destes falantes ten amosado vantaxes cognitivas e neurolóxicas.

E, malia todo iso, eu querría pór o foco noutra cuestión: no feito do que transmitimos en termos de valores e de afectos. Nestes intres, Europa defende a diversidade lingüística; falar galego está lonxe de ser un

marcador de incultura. Antes ben, de selo de algo, sería de signo contrario; centos de persoas de lonxe acoden a nós para aprender a nosa lingua e mergullarse na nosa literatura (véxase a recente tradución ao hindi da poesía de Luísa Villalta que acaba de facer Vikash, un dos nosos brillantes alumnos dos cursos da RAG Galego Sen Fronteiras). Neste contexto, afirmarse no que somos como pobo debe ser un gozoso acto de amor aos nosos devanceiros e a nós mesmos. Por iso, falarlles galego aos fillos é, ao tempo, un acto cheo de sentido emocional e de intelixencia. Eu tíveno claro hai 22 anos, cando tiveron o meu primeiro fillo, e sigo reafirmandome cada día. Para min, é un gozo e un orgullo escoitar os meus dous fillos falando



galego entre eles. Transmitinlles unha lingua e, con ela, un xeito de estaren no mundo: un modo definido pola autenticidade e non polas valoracións conxunturais, polo orgullo do propio, o sentimento de pertenza, o dereito a seren o que son sen xulgalo mediante un prisma alleo, mesmo unha sensibilidade cara a todas as loitas pola igualdade.

Artigo de opinión publicado en La Voz de Galicia do 29 de decembro de 2024 por María López Sánchez.

Enlace: <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/opinion/2024/12/28/span-langgfalamos-galego-aos-fillosspan/00031735408248561945717.htm>

# 'Queremos Galego' chama á mobilización masiva no Día de Rosalía para salvar a lingua

A defensa da lingua galega dá un novo paso adiante coa convocatoria dunha gran mobilización en Santiago de Compostela o vindeiro 23 de febreiro, Día de Rosalía. A entidade Queremos Galego, recoñecida pola súa loita a prol da nosa lingua e cultura, está a organizar plenarios comarcais por toda Galicia co obxectivo de preparar a cidadanía para esta xornada reivindicativa.

A plataforma sinala que “no contexto da emerxencia lingüística que está a vivir o noso idioma e do ‘Pacto pola Lingua’ que o goberno da Xunta tenta levar adiante”, faise imprescindible unha resposta colectiva. Este movemento, segundo Queremos Galego, busca reactivar a súa actividade como plataforma cidadá, aglutinando entidades de diversos sectores e persoas comprometidas co futuro do galego.

Os plenarios comarcais serven como espazo de traballo para tratar aspectos clave, entre eles:

- A análise da situación actual do galego, os puntos mínimos de defensa e as medidas urxentes necesarias.
- A elección de coordinadores/as e portavoces comarcais.
- A planificación da manifestación do Día de Rosalía, que pretende ser un chamamento masivo á protección da lingua propia de Galicia.



Así mesmo, Queremos Galego lembra que está dispoñible un formulario en liña na súa páxina oficial [www.queremosgalego.gal](http://www.queremosgalego.gal)

[queremosgalego.gal](http://queremosgalego.gal) para que colectivos e persoas poidan adherirse aos puntos mínimos e medidas urxentes que defenden.

Dende Queremos Galego, animan á participación activa da sociedade galega nesta mobilización. “Non é só unha cuestión de lingua; é unha cuestión de dignidade e de futuro. O galego precisa de todas e todos nós”, subliñan.

A manifestación do 23 de febreiro promete ser un berro colectivo por un idioma que é símbolo da identidade e da cultura de Galicia.

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981  
 Coordinación da edición: R. García.

Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luis Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopena Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilár, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes.

Recepción de artigos e colaboracións en: [asoc.irimia@gmail.com](mailto:asoc.irimia@gmail.com)

Subscricións:

Tel.: 615 464 095 / [irimia@irimia.gal](mailto:irimia@irimia.gal)

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: [irimia@irimia.gal](mailto:irimia@irimia.gal)

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado






**De refuxiados a veciños:  
o modelo padronés**

Actividade subvencionada pola



**Deputación DA CORUÑA**

## Aínda que falemos de Cristo, pode que non falemos de ninguén

Non importan á política; non importan á información; non parece que importen de ningún xeito á sociedade: Non importa que o número de mortos nas fronteiras do sur de Europa sexan milleiros cada ano.

Non importa que sexan novos os que morren, non importa que entre eles sexan moitas as mulleres, non importa que onde morren mulleres, con elas morran nenos e meniños.

Non importa se eses homes, mulleres, nenas, meniños, morren no deserto ou no mar, de fame ou de frío, deshidratados ou afogados... Non importa se, antes de afundirse na morte, esa humanidade pobre foi desposuída das súas pertenzas, humillada, vexada, escravizada, enganada, violada, torturada.

A ninguén importa que o poder impida identificar a torturadores, a vexadores, a violadores, a verdugos, a asasinados de pobres; a ninguén importa que o poder lance as súas vítimas á escuridade do esquecemento.

Para a política, para a información, para a boa conciencia de moitos cidadáns, poida que para a boa conciencia de moitos cristiáns, eses mortos non existen: estariamos a falar de ninguén.

Contados, son miles; pero se buscas nomealos, para eles non hai nome, son ninguén, son números, e os números non teñen pai nin nai, non teñen marido nin esposa, non teñen fillos, non teñen irmáns, non teñen amigos; os números non pasan fame nin sede, non senten frío nin calor, os números non aman, non esperan, non sofren, non gritan, non morren.

Reducir na conciencia social o humano a díxitos, esixe a complicidade dos poderes do Estado, dos medios de comunicación social, das elites culturais; esixe manipulación da linguaxe, perversión de valores, deformación de principios, e se falamos de fe cristiá, esixe manipulación, deformación do evanxeo que dicimos profesar. Pisar pobres e presumir de fe en Cristo é unha blasfemia.

Inventamos unha fe sen encarnación, un credo sen carne. Para una fe deformada, aínda que falamos de Cristo e de pobres, continuamos a falar de ninguén.



# IRIMA Falando da lingua

Lidia e Valentina

## Empezando polo principio...

Moi boas!!! Como vai transcorrendo o novo ano? Xa tedes moitos compromisos na vosa axenda? Sabedes que esta palabra vén do latín *agenda* (do verbo *agere*, “facer”), que significa “o que se ha de facer”? Évos ben práctico ese caderniño, sobre todo a primeiros de ano, cando se teñen mil propósitos, non é? Hai que anotar e logo...facer! E unha das cousas que a xente anota moito nestas primeiras semanas do ano é a data en que non se nos pode pasar ir devolver aqueles agasallos que... “*Ai, xa o teño!*”, “*Ai, case non me gusta...*”, “*Ai, non me serve...*” Por iso moita xente opta por outras solucións máis “prácticas” que non entramos a valorar, pero si o seu nome, que pedimos que estea en galego. Por favor, acordádevos de que sempre vos recomendamos e pedimos... que evitedes as expresións inglesas cando en galego temos alternativas perfectas para botar man delas. Para que imos botar man da *gift card* se temos unha alternativa válida e que todos entenderemos: “tarxeta regalo”, ou “tarxeta de regalo”? Solucionará algún problema e mais libera a moita xente de cavilar para atopar o agasallo perfecto para que ao final non guste...

E seguindo coa axenda... en que lingua a comprastes? A oferta é desigual, coma en todo, pero se pedimos que estea en galego (algunhas só teñen escritos os meses e os días, que tampouco é tan difícil) creamos demanda de produtos na nosa lingua que boa falta fan. Sobre todo para a rapazada da escola, para quen é tamén fundamental a axenda. E en relación con isto, contámosvos unha anécdota que nos pasou estoutro día cando estabamos cunha sobriña que mirou na axenda os deberes que tiña do colexio e, cando os foi facer, comezou por escribir a data e... sabedes como escribiu o ano? “\*2.025”!!! Seica lle dixera a súa mestra que debía poñelo así. Xa sabe-

mos como son estas cousas, ao mellor a mestra dixo dunha maneira e ela entendeu doutra. Agora ben, tamén é certo que vemos os anos mal escritos unha chea de veces! Recordade e aprendede para sempre que os **anos** non levan **NIN punto NIN espazo** despois da unidade de millar: 2025, 2005, 1924, 1909, 1789... OLLO!!! Aprende tamén que esta norma se fai extensiva a códigos postais, números de rexistro, números de páxina, artigos..., é dicir, aos números que identifican un elemento dentro dunha serie: código postal 36002, páxina 1235, artigo 1425 do Código Penal...

No que respecta á escritura dos números en xeral, a normativa internacional, para facilitar o seu coñecemento e a súa lectura, considera que se debe utilizar un **espazo** para separar os díxitos do número en bloques de tres, empezando pola dereita (12 785 412), e **non se admite** o uso do **punto nin da coma** para separar estes grupos:

eses signos só se deben utilizar para separar os decimais (2.7 ou 2,7 kg de patacas).

E temos que pechar este número mandando moito ánimo, que xa se lles nota ben aos días! O que tal medraron! Acordádevos daquilo de que “Pola santa Lucía mingua a noite e medra o día... ao paso dunha galiña”? Se ben é certo que se cuestiona a veracidade da mensaxe deste refrán porque o solsticio de inverno non se produce ata o 21 ou 22 de decembro. Seica a causa do erro está no calendario gregoriano, que o celebra o día 12, a véspera da festividade da santa, si é certo que chegados ao 17 de xaneiro, medra media hora por enteiro e polo san Brais, outra media máis. Iso si, agora, se por ben é, queda choiva e frío...

Non nos esqueceu que estabamos a falar do pronome persoal, ese que, sendo átono, nunca pode empezar unha frase...

